

4º ESO

PROGRAMACIÓN PDC

ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO

2013-2014

ÍNDICE

Índice.....	páx. 1
1.- Introducción.....	páx. 2
2.- Competencias básicas.....	páx. 3
3.- Obxectivos.....	páx. 8
4.- Contidos.....	páx. 11
5.- Temporización.....	páx. 27
6.- Avaliación.....	páx. 29
7.- Liñas metodolóxicas.....	páx. 31
8.- Actividades de aula.....	páx. 32
9.- Materiais e recursos.....	páx. 32
10.- Temas transversais.....	páx. 33
11.- Atención á diversidade (inclúe pendentes).....	páx. 33
12.- Criterios e procedementos para a avaliación e revisión do programa.....	páx. 34

1.-INTRODUCCIÓN

A presente programación está dirixida a alumnos/as que por diversos motivos presentan problemas de aprendizaxe e están expostos ao fracaso dentro da aula ordinaria. O obxectivo fundamental ha de ser dar resposta ás súas necesidades educativas, cun seguimento e atención individualizada e garantir que poidan alcanzar os obxectivos finais de etapa, do mesmo xeito que o resto dos seus compañeiros.

Debe entenderse esta programación como unha primeira declaración de intencións, o suficiente aberta e flexible para poder ser adaptada ás circunstancias concretas e aos recursos cos que contemos.

Entendemos que a falta de dominio lingüístico e de acceso ao coñecemento doutras materias, a falta de hábitos e técnicas de estudo, a desmotivación, a escasa autonomía e autoestima persoal, son o punto de partida do que hai que arrincar e as intencións haberán de ir encamiñadas a emendar os posibles desaxustes.

Non hai que esquecer que a Lingua está presente en todo o proceso de ensino-aprendizaxe das distintas materias.

A primeira intención será desenvolver a capacidade de uso da lingua como instrumento de comunicación na súa vertente comprensiva e expresiva, adquirir destrezas na comprensión e produción de textos. A linguaxe ha de quedar vinculada ao pensamento e ao coñecemento como instrumento que permita ao alumnado aprender a analizar problemas, organizar información, elaborar proxectos e tomar decisións.

Para rematar, o rigor crítico, a tolerancia, o respecto pola diversidade social, lingüística e cultural, a conservación do patrimonio común son actitudes que deben ser fomentados para dotar aos alumnos/as dun esquema de valores que posibiliten o seu desenvolvemento integral como persoas e a súa integración social e cultural como cidadáns responsables e de pleno dereito. Así, a nosa primeira intención e o obxectivo último será formar persoas e cidadáns.

2.- COMPETENCIAS BÁSICAS DA MATERIA

Contribución da materia de Lingua e Literatura (Galega e Castelá) e das Ciencias Sociais (Xeografía e Historia) á adquisición das competencias básicas.

a) Competencia en comunicación lingüística

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

O currículo desta materia, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en *comunicación lingüística*. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, transfírense e aplícanse para a aprendizaxe doutras linguas. Esta aprendizaxe contribúe á súa vez a facer medrar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

O peso que ten a información nesta materia singulariza as relacións existentes entre o tratamento da información e a competencia en comunicación lingüística, máis alá do uso da linguaxe como vehículo de comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, facilítase lograr habilidades para utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, da descrición, da narración e da argumentación, e colabórase na adquisición dun vocabulario cuxo carácter básica habería de vir dado por aquelas palabras que, correspondendo ao vocabulario específico deberan formar parte da linguaxe habitual do alumno ou daquelas outras que teñen un claro valor funcional na aprendizaxe da propia materia.

b) Tratamento da información e competencia dixital

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

A materia contribúe ao *tratamento da información e competencia dixital* ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A procura e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas, de hemerotecas ou o uso da internet, a realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. A isto contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso da escrita (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Tamén poden contribuír o desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escrita e dos coñecementos.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A contribución á competencia no tratamento da información e competencia dixital vén dada pola importancia que ten na comprensión dos fenómenos sociais e históricos contar con destrezas relativas á obtención e comprensión da información, elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da materia. Contribúese, de maneira particular, na procura, obtención e tratamento da información procedente da observación directa e indirecta da realidade, así como de fontes escritas, gráficas, audiovisuais, tanto se utilizan como soporte o papel como se foron obtidas mediante as tecnoloxías da información e a comunicación. O establecemento de criterios de selección da información proporcionada por diversas fontes segundo criterios de obxectividade e pertinencia, a distinción entre os aspectos relevantes e os que non o son, a relación e comparación de fontes ou a integración e análise da información de forma crítica son algunhas das achegas fundamentais que se fan á adquisición desta competencia.

Por outra parte, a linguaxe non verbal que se emprega en numerosas ocasións na comprensión da realidade contribúe ao coñecemento e interpretación de linguaxes icónicas, simbólicas e de representación. É o caso, es especial, da linguaxe cartográfica e da imaxe.

A procura e selección de fontes informativas, documentais e gráficas, requirirá o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización da internet. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital.

c) Competencia social e cidadá

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente ao desenvolvemento da *competencia social e cidadá*, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

Por outra banda, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Tamén se contribúe desde a materia a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuizados e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A competencia social e cidadá está estreitamente vinculada ao propio obxecto de estudo. Pode dicirse que todo o currículo contribúe á adquisición desta competencia, xa que a comprensión da realidade social, actual e histórica, é o propio obxecto de aprendizaxe, pero farao realmente se se ten a perspectiva de que o coñecemento sobre a

evolución e organización das sociedades, dos seus logros e dos seus problemas, debe poder utilizarse polo alumnado para desenvolverse socialmente. Contribúe obviamente a entender os trazos das sociedades actuais, a súa pluralidade, os elementos e intereses comúns da sociedade na que se vive, contribuíndo a crear sentimentos comúns que favorecen a convivencia.

Tamén axuda á adquisición de habilidades sociais. Por unha banda, a comprensión das accións humanas do pasado e do presente, esixe que estas sexan vistas polo alumnado desde a perspectiva dos propios axentes do seu tempo co que se favorece o desenvolvemento da capacidade de poñerse no lugar do outro, é dicir, a empatía. Por outra banda, faino cando dita comprensión posibilita a valoración e o exercicio do diálogo como vía necesaria para a solución de problemas, ou respecto cara ás persoas con opinións que non coinciden coas propias, pero ademais prevé o exercicio deses valores ao propoñer un traballo colaborativo ou a realización de debates nos que se poidan expresar as propias ideas e escoitar e respectar as dos demais. O achegamento a diferentes realidades sociais, actuais ou históricas, ao a valoración das achegas de diferentes culturas axuda, aínda que sexa mías indirectamente, ao desenvolvemento das habilidades de tipo social.

A ensinanza nesta materia trata de que os alumnos e alumnas adquiren os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comprender a realidade do mundo no que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, así como o espazo no que se desenrola a vida en sociedade.

Proporciona ideas fundamentais sobre a dimensión espacial das sociedades e a configuración territorial, entendida esta en ámbitos que van desde o local ao mundial, á vez que achega o alumnado aos principios de interacción das sociedades e o seu entorno físico, e posibilita que poida valorarse a actuación dos homes no espazo e as potencialidades e construcións do medio. Favorece tamén que o alumnado poida adquirir un maior grao de conciencia sobre a organización espacial das sociedades, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos.

d) Competencia cultural e artística

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento dunha *competencia artística e cultural*, entendida como achegamento a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresións de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura e o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías catálogos ou a presenza do literario na prensa), adquira sentido para o alumnado.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

A contribución á competencia relaciónase principalmente coa súa vertente de coñecer e valorar as manifestacións do feito artístico. Dita contribución facilitarase realmente se se contempla unha selección de obras de arte relevantes, ben sexa polo seu significado na caracterización de estilos ou artistas ou por formar parte do patrimonio

cultural, e dótase ao alumnado de destrezas de observación e de comprensión daqueles elementos técnicos imprescindibles para a súa análise.

Así favorécese a apreciación das obras de arte, adquirense habilidades perceptivas e de sensibilización, desenrolase a capacidade de emocionarse con elas, ademais de que axúdase tamén a valorar o patrimonio cultural, a respectalo e a interesarse pola súa conservación.

e) Comprensión matemática

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

O coñecemento dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade permite colaborar na súa adquisición na medida na que a materia incorpora operacións sinxelas, porcentaxes e proporcións, nocións de estatística básica, uso de escalas numéricas e gráficas, sistemas de referencia ou recoñecemento de formas xeométricas, así como criterios de medición, codificación numérica de informacións e a súa representación gráfica. A utilización de todas estas ferramentas na descrición e análise da realidade social amplían o conxunto de situacións nas que os alumnos perciben a súa aplicabilidade e, con iso, fan máis funcionais as aprendizaxes asociadas á competencia matemática.

f) Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Esta competencia inclúe a percepción e coñecemento do espazo físico no que se desenvolve a actividade humana, tanto en grandes ámbitos como no entorno inmediato, así como a interacción que se produce entre ambos. A percepción directa ou indirecta do espazo no que se desenvolve a actividade humana constitúe un dos principais eixes de traballo da xeografía: a comprensión do espazo no que teñen lugar os feitos sociais e a propia vida do alumno, é dicir, a dimensión espacial. Contribúese á competencia na medida en que se asegure que dita dimensión impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo especial importancia os procedementos de orientación, localización, observación e interpretación dos espazos e paisaxes, reais ou representados.

Outra achegas posibilítase desde o coñecemento da interacción home-medio e a organización do territorio resultante. A materia proporciona abundantes ocasións para analizar a acción do home na utilización do espazo e dos seus recursos, non só os problemas que ás veces xera, senón tamén aquelas accións que desde un uso responsable de ambos, procuran asegurar a protección e o coidado do medio ambiente.

g) Competencia para aprender a aprender

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

Apréndese a falar e escoitar e a ler e escribir, para a interacción comunicativa, pero tamén para adquirir novos coñecementos. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a

linguaxe relaciónase directamente coa competencia básica de *aprender a aprender*. Así mesmo, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedementais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos,...) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Contribúese á competencia desde as posibilidades que ofrece para aplicar razoamentos de distinto tipo, procurar explicacións multicausais e predición de efectos dos fenómenos sociais e proporciona coñecementos das fontes de información e da súa utilización mediante a recollida e clasificación da información obtida por diversos medios e sempre que se realice unha análise desta. Tamén contribúe cando favorece o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e recuperar información, tales como resumos, esquemas ou mapas.

h) Autonomía e iniciativa persoal

Lingua e Literatura (Galega e Castelá)

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía.

Ciencias Sociais e Xeografía e Historia

Para que esta materia contribúa á autonomía e iniciativa persoal é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o feito, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e extraer conclusións.

A comprensión dos feitos e fenómenos sociais no contexto no que se producen e a análise dos procesos de cambio histórico na sociedade, adquiren sentido na valoración, comprensión e enxuízamento dos trazos e problemas centrais da sociedade no momento actual. Desde esta perspectiva, estímase a conveniencia de proporcionar ao alumnado un coñecemento global necesario para a interpretación da realidade actual como construción humana no curso do tempo e un marco xeral para a comprensión do tempo histórico.

3.- OBXECTIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DAS ÁREAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA E LINGUA GALEGA E LITERATURA.

O ensino das Linguas castelá e Literatura nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Empregar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Usar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Acceder con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

O ensino das Ciencias sociais, Xeografía e Historia nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades::

1. Identificar os procesos e mecanismos que rexen os feitos sociais e as interrelacións entre feitos políticos, económicos e culturais e utilizar este coñecemento para comprender a pluralidade de causas que explican a evolución das sociedades actuais, o papel que homes e mulleres desempeñan nelas e os seus problemas máis relevantes.
2. Localizar e analizar, a diferentes escalas, os elementos básicos que caracterizan o medio físico, as interaccións que se dan entre eles y as que os grupos humanos establecen na utilización do espazo y dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, cultural, político e medioambiental.
3. Comprender o territorio como o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven e o que organizan.
4. Afondar nas características básicas da diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas xeoeconómicas, así coma os trazos físicos e humanos de Europa e España.
5. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos relevantes da historia do mundo, de Europa e de España para adquirir unha perspectiva global da evolución da Humanidade e elaborar unha interpretación da mesma que facilite a comprensión da pluralidade de comunidades sociais ás que se pertence.
6. Valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara a outras culturas e cara opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por iso a un xuízo sobre elas.
7. Comprender os elementos técnicos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas na súa realidade social e cultural para valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
8. Adquirir e empregar o vocabulario específico que aportan as ciencias sociais para que a súa incorporación ó vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe y mellore a comunicación.
9. Buscar, seleccionar, comprender e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de fontes diversas, incluída a que proporciona o entorno físico e social, os medios de comunicación e as

tecnoloxías da información, tratala de acordo co fin perseguido e comunicala ós demais de xeito organizado e intelixible.

10. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
11. Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores e bases fundamentais, así coma os dereitos e liberdades como un logro irrenunciable e unha condición necesaria para a paz, denunciando actitudes e situacións discriminatorias e inxustas e mostrándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

4.- CONTIDOS

Os contidos desenvolveranse a través de oito unidades didácticas que se expoñen a continuación

Unidade 1: Á luz da Ilustración

OBXECTIVOS

1. Coñecer os factores demográficos que influíron no cambio de mentalidade do século XVIII.
2. Identificar os estamentos nos que se estruturaba a sociedade do Antigo Réxime.
3. Distinguir entre monarquía absoluta e parlamentaria.
4. Comprender o concepto de división dos tres poderes.
5. Estructurar as principais ideas do pensamento ilustrado.
6. Coñecer as principais medidas adoptadas polos Borbóns na España do século XVIII.
7. Recoñecer a influencia da monarquía francesa na monarquía española.
8. Identificar os trazos da arte correspondente a este século.
9. Coñecer a vida e a obra de Francisco de Goya.
10. Analizar as características principais da literatura ilustrada.
11. Distinguir os autores literarios máis representativos.
12. Valorar o labor dos ilustrados galegos.
13. Contraponer morfoloxicamente os substantivos e os adxectivos.
14. Comprender o concepto de oración simple.
15. Revisar as normas xerais de acentuación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir a estrutura social do Antigo Réxime.
2. Definir conceptos como: tres poderes, monarquía absoluta e parlamentaria, racionalismo, ilustración, absolutismo, despotismo ilustrado...
3. Indicar as causas que propiciaron a aparición da nova ciencia e da Ilustración.
4. Estructurar as ideas do pensamento ilustrado.
5. Enumerar os principais avances científicos do século XVIII.
6. Distinguir obras de estilo barroco e obras neoclásicas.
7. Distinguir o labor dos ilustrados en Galicia
8. Identificar en fragmentos da obra de Jovellanos e Cadalso os ideais da Ilustración.
9. Identificar en fragmentos teatrais de Moratín o afán didáctico da época.
10. Identificar e distinguir os substantivos e adxectivos.
11. Distinguir as oracións simples nun texto.
12. Aplicar correctamente as regras de acentuación en galego e en castelán.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. O Antigo Réxime e as bases do cambio.

- Poboación e demografía no século XVIII.
- Privilexiados e non privilexiados.
- Diferentes monarquías: absoluta e parlamentaria.
- A monarquía absoluta en España.
- Novas ideas e ciencias do Século das Luces.
- O despotismo ilustrado en España.

2. A arte no século XVIII.

- 2.1 Os estilos artísticos.
- 2.2 Francisco de Goya y Lucientes.

3. A literatura neoclásica en España.

- 3.1 O contexto da Ilustración.
- 3.2 Jovellanos, un intelectual político.
- 3.3 Cadalso, entre neoclásico e romántico.
- 3.4 O teatro neoclásico: Leandro Fernández de Moratín.
- 3.5 O labor dos ilustrados en Galicia: intentos de recuperación do idioma.

Lingua: Os substantivos e os adxectivos. A oración simple.

Ortografía: Repaso da acentuación.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos históricos.
2. Descrición e comentario da sociedade do Antigo Réxime.
3. Secuenciación temporal dos monarcas españois do século XVIII e das súas formas de goberno.
4. Recoñecemento en imaxes das características da arte neoclásica.
5. Observación e asignación de obras de Goya ás diferentes etapas da súa vida.
6. Exposición oral dos principais compoñentes do pensamento ilustrado.
7. Lectura e comprensión de fragmentos da obra de Jovellanos, Cadalso e Moratín.
8. Recoñecemento e clasificación dos substantivos e adxectivos.
9. Recoñecemento de oracións simples nun texto.
10. Aplicación das principais normas de acentuación.
11. Traballo no caber para o tratamento da información

ACTITUDES

1. Valoración das ideas da Ilustración como fundamento das liberdades actuais.
2. Interese por coñecer na súa orixe as bases ideolóxicas da monarquía parlamentaria.
3. Actitude crítica ante situacións de desigualdade e inxustiza social.

4. Interese pola lectura de obras literarias e por reflexionar sobre as ensinanzas e valores contidos nelas.
5. Valoración do patrimonio cultural e artístico.
6. Valoración do uso correcto da lingua escrita.

TEMAS TRANSVERSAIS: Educación para a igualdade, para o diálogo e a comunicación.

Unidade 2: A ansia de liberdades

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a influencia da Ilustración na independencia de EE.UU e na Revolución francesa.
2. Comprender os principais artigos da Declaración de Independencia dos EE.UU e a dos Dereitos e Deberes do Home e dos Cidadáns.
3. Coñecer as distintas etapas da guerra da Independencia española.
4. Analizar as bases ideolóxicas da Constitución española de 1812, así como a ideoloxía liberal.
5. Revisar a actitude de Fernando VII trala guerra da independencia.
6. Desentrañar as causas da emancipación da América Latina.
7. Coñecer os trazos característicos do Romanticismo e os seus preceptos literarios.
8. Recoñecer os principais xéneros do período romántico e algúns dos seus autores.
9. Analizar os trazos da literatura romántica en fragmentos da obra de Larra, o Duque de Rivas e Bécquer.
10. Contextualizar social e politicamente o labor dos precursores en Galicia.
11. Repasar os distintos tipos de determinantes.
12. Practicar o concepto de oración simple (2).
13. Revisar as regras ortográficas das letras *b* e *v*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Secuenciar as etapas da independencia dos EE.UU e da Revolución francesa.
2. Relacionar artigos da Declaración da independencia dos EE.UU e da Declaración dos Dereitos e Deberes do Home e do Cidadán con conceptos como: igualdade ante a lei, presunción de inocencia, igualdade de oportunidades, soberanía nacional...
3. Secuenciar as etapas da guerra da independencia española.
4. Relacionar artigos da Constitución española de 1812 cos das Declaracións americana e francesa.
5. Localizar nun mapa os territorios europeos onde se produciron estalidos revolucionarios no século XIX.
6. Enumerar e explicar as características da literatura romántica española.
7. Clasificar polo seu xénero literario as obras principais do Romanticismo español.
8. Identificar en textos distintos tipos de determinantes.
9. Recoñecer nun texto as oracións simples.

10. Aplicar correctamente as regras ortográficas das letras *b* e *v*.

CONCEPTOS

CONTIDOS

1. O Antigo réxime entra en crise.

A independencias dos EE.UU.
A Revolución francesa (1789-1799)
O Imperio de Napoleón (1799-18149)
A loita pola liberdade en España.
A independencia da América española.
As vagas revolucionarias en Europa.

2. A literatura romántica en España.

Trazos xerais do Romanticismo.
O romanticismo español: a prosa de Larra.
O teatro romántico: o Duque de Rivas.
Dous románticos tardíos: Rosalía e Bécquer.
O labor dos precursores en Galicia: recuperación da dignidade
idiomática.

Lingua: os determinantes. A oración simple.

Ortografía: repaso das letras *b* e *v*.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Comentario dos artigos máis relevantes das Declaracións americana e francesa e definición dos conceptos máis relevantes contidos nelas.
2. Análise das analoxías da Constitución española de 1812 e os textos americano e francés.
3. Exposición oral dos principais trazos característicos da literatura romántica.
4. Recoñecemento de características e temas propios da literatura romántica en fragmentos de Larra, Bécquer e Duque de Rivas.
5. Recoñecemento dos determinantes.
6. Recoñecemento das oracións simples.
7. Aplicación das regras orográficas das letras *b* e *v*.
8. Traballo no ciber para o tratamento da información.

ACTITUDES

1. Valoración do pensamento ilustrado como base das grandes revolucións do XIX.
2. Interese pola lectura e reflexión da Constitución española.
3. Toma de conciencia ante situacións de desigualdade social e fomento de valores democráticos.
4. Interese pola expresión poética para goce dos sentidos.
5. Valoración positiva da novela social do século XIX.
6. Aprezo polo uso correcto da lingua oral e escrita.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación para a democracia e para a defensa dos dereitos humanos, educación para a convivencia e para a igualdade de oportunidades.

Unidade 3: Unha paisaxe de fábricas

OBXECTIVOS

1. Identificar os factores que propiciaron a formación da primeira e da segunda revolución industrial.
2. Analizar as causas da tardía incorporación de España á sociedade industrial.
3. Comprender o concepto de “capitalismo”.
4. Coñecer a verdadeira realidade das primeiras sociedades industriais.
5. Distinguir e coñecer as principais ideoloxías socialistas: marxismo e anarquismo.
6. Recoñecer os trazos do impresionismo como manifestación artística propia da sociedade industrial.
7. Rastrexar os principais cambios que se producen no século XIX e que repercuten na literatura.
8. Coñecer as características, autores e obras da novela realista en España.
9. Recoñecer en textos de Galdós e de Clarín as características da novela realista.
10. Coñecer as causas do Rexurdimento galego, así como os seus autores principais.
11. Revisar os pronomes persoais.
12. Distinguir as oracións coordinadas.
13. Repasar as regras ortográficas das letras *j* e *g*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Enumerar e explicar as causas da aparición das Revolucións Industriais.
2. Definir conceptos: taller, fábrica, artesáns, obreiros, burguesía, proletariado,....
3. Enumerar as principais innovacións técnicas das revolucións industriais.
4. Enumerar e explicar as causas da tardía industrialización española.
5. Relacionar os cambios producidos entre a primeira e a segunda revolución industrial.
6. Definir o concepto de capitalismo e explicar o seu funcionamento.
7. Enumerar as causas do nacemento do movemento obreiro.
8. Descubrir en imaxes de cadros os elementos básicos do Impresionismo.
9. Distinguir os recursos literarios do realismo e do Romanticismo.
10. Localizar en textos de Galdós e de Clarín trazos da novela realista.
11. Diferenciar distintos pronomes persoais e as súas funcións.
12. Recoñecer nun texto oracións coordinadas.
13. Aplicar correctamente as normas ortográficas das letras *j* e *g*.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. A revolución industrial.

Que é e onde comezou?

A máquina de vapor e as súas aplicacións.

A revolución industrial en España.

A segunda revolución industrial.

A sociedade industrial: capitalismo e movemento obreiro.

2. Unha nova arte: o impresionismo.

3. A literatura realista en España.

O realismo literario.

O protagonismo do social.

A complexidade do personaxe: Clarín.

O renacer da literatura galega: o Rexurdimento (Rosalía)

Lingua: os pronomes persoais. A oración coordinada.

Ortografía: repaso das letras *j* e *g*.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Lectura e comentario de textos históricos.
2. Explicación das causas da revolución industrial.
3. Procura de información biográfica dos principais inventores da segunda revolución industrial.
4. Explicación das causas da aparición do movemento obreiro.
5. Observación de cadros impresionistas e comentario dos mesmos.
6. Explicación das influencias que recibe a novela realista en España.
7. Lectura comprensiva de textos de Galdós e Clarín.
8. Explicación da aparición do rexurdimento en Galicia.
9. Identificación dos pronomes persoais.
10. Recoñecemento da oracións coordinadas.
11. Aplicación das regras ortográficas das letras *j* e *g*.

ACTITUDES

1. Valoración da capacidade humana para xerar progreso e innovar a tecnoloxía.
2. Intransixencia ante as inxustizas sociais na actualidade (explotación infantil).
3. Actitude crítica para discernir os aspectos positivos e negativos do capitalismo.
4. Valoración do movemento sindical e dos socialismos.
5. Valoración do xénero narrativo como fonte de coñecemento da propia realidade.
6. interese polo coñecemento das regras ortográficas.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación para a defensa de dereitos e xustos intereses, educación para a igualdade de oportunidades e para a igualdade social.

Unidade 4: Novas fronteiras no mapa europeo

OBXECTIVOS

1. Comprender o significado de nación e nacionalismo na 2º metade do XIX.
2. Establecer diferenzas políticas e económicas entre os principais estados no XIX.
3. Comparar os procesos de unificación de Italia e Alemaña.
4. Analizar as causas do imperialismo e valorar as consecuencias deste fenómeno.
5. Describir as liñas mestras do reparto colonial de Asia e África.
6. Analizar a situación económica e social da España do XIX e o atraso na industrialización.
7. Identificar os principais personaxes da Historia de España no século XIX.
8. Inserir o desastre do 98 en España na época do imperialismo.
9. Analizar as semellanzas e as diferenzas entre o Modernismo e a Xeración do 98.
10. Comprender os obxectivos ideolóxicos da narrativa da Xeración do 98.
11. Coñecer o estilo e os temas da obra de Unamuno.
12. Analizar a novela de Pío Baroja.
13. Contraponer as características das obras de Eduardo Pondal e Curros Enríquez.
14. Identificar distintos verbos da conxugación regular.
15. Practicar as regras ortográficas da letra *h*.
16. Usar os rexistros lingüísticos formal e coloquial.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir o concepto de nacionalismo e destacar a súa importancia.
2. Distinguir o desenvolvemento económico e político de países estudados.
3. Explicar a grandes trazos o proceso de unificación de Italia e Alemaña.
4. Explicar as causas e consecuencias do imperialismo.
5. Identificar as etapas e os principais personaxes de España no século XIX.
6. Explicar as razóns do atraso industrial de España no século XIX.
7. Comparar as diferentes constitucións españolas.
8. Relacionar a situación de España a finais do XIX co contexto internacional.
9. Identificar en obras de Unamuno e de Pío Baroja os trazos ideolóxicos e literarios do 98.
10. Recoñecer na obra de Curros trazos da poesía social e cívica.
11. Recoñecer a importancia da obra de Pondal na literatura galega.
12. Identificar distintas formas verbais da conxugación regular.
13. Aplicar correctamente as normas ortográficas da letra *h*.
14. Recoñecer os rexistros lingüísticos formal e coloquial.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. Nacións e imperios a finais do século XIX.

As grandes nacións consolidadas.

O nacionalismo disgregador: imperios austríaco e turco.

O nacionalismo unificador: Italia e Alemaña.

O imperialismo.

Consecuencias do imperialismo.

2. O avance do liberalismo e a democracia en España.

O reinado de Isabel II (1833-1868)

O sexenio revolucionario (1868-1874)

A restauración de Afonso XII.

3. A literatura española entre dous séculos. A narrativa.

O Modernismo e a Xeración do 98.

A narrativa de principios do século XX

O Rexurdimento en Galicia: Curros e Pondal.

Lingua: conxugación regular. Os rexistros formal e coloquial

Ortografía: a letra *h*.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Explicación do vocabulario político e dos mapas históricos da unidade.
2. Posta en común de opinións do alumnado sobre os seus sentimentos nacionalistas.
3. Debate sobre as xustificacións do imperialismo.
4. Elaboración dun esquema cronolóxico coas principais etapas, reinados, constitucións e guerras da historia de España tratada na unidade.
5. Estudo comparativo das diferentes constitucións españolas do século XIX.
6. Lectura e análise de fragmentos de autores do Modernismo e da Xeración do 98.
7. Lectura e análise temática de poemas de Curros e Pondal.
8. Identificación e clasificación de distintas formas verbais da conxugación regular.
9. Identificar os rexistros lingüísticos formal e coloquial
10. Aplicación das regras ortográficas da letra *h*.

ACTITUDES

1. Conciencia de que non hai pobos nin culturas superiores e inferiores.
2. Valoración da Constitución española actual como resultado doutras anteriores.
3. Interese pola literatura como achegamento a circunstancias históricas.
4. Valoración da narrativa do 98 como expresión de compromiso social.
5. Valoración do Rexurdimento galego e a recuperación da dignidade do galego.
6. Interese pola corrección da linguaxe oral e escrita.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación para a paz e a convivencia, educación en valores democráticos e na tolerancia cara ás diferenzas.

Unidade 5: A encrucillada do século XX

OBXECTIVOS

1. Coñecer as causas, desenvolvemento e consecuencias da I Guerra Mundial.
2. Distinguir entre causas de fondo (económicas, políticas) e causas inmediatas desencadeantes do conflito.
3. Observar e comparar mapas históricos.
4. Describir as causas e desenvolvemento da Revolución rusa de 1917.
5. Analizar e valorar os avances logrados no proceso de emancipación da muller.
6. Comprender os problemas políticos de España a principios do século XX.
7. Coñecer os principais acontecementos do reinado de Afonso XIII.
8. Identificar as características xerais das principais vangardas artísticas do s. XX.
9. Comentar e recoñecer obras de arte representativas de cada movemento.
10. Comparar as distintas correntes poéticas de principios do s.XX.
11. Identificar na obra de Antonio Machado os trazos da poesía do 98.
12. Recoñecer a achega da poesía da Xeración do 27.
13. Coñecer o estilo e os temas da poesía de Federico García Lorca.
14. Comentar e recoñecer a importancia das Irmandades da Fala para o desenvolvemento da literatura galega e da lingua galega.
15. Coñecer as características e as obras principais dos autores da Xeración Nós.
16. Practicar a conxugación irregular.
17. Recoñecer as oracións subordinadas.
18. Revisar as regras de acentuación.
19. Escribir textos expositivos: instancia, solicitude, currículo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar o proceso da I Guerra Mundial.
2. Distinguir nun conflito as causas de fondo das causas inmediatas.
3. Explicar o proceso revolucionario en Rusia.
4. Enumerar os avances principais na emancipación da muller.
5. Sinalar e comentar os problemas políticos do reinado de Afonso XIII.
6. Recoñecer e diferenciar obras pertencentes a cada vangarda.
7. Comentar o estilo, a simboloxía e os temas nalgúns poemas seleccionados de Machado e de García Lorca.
8. Comparar semellanzas e diferenzas na poesía de Machado e de Lorca.
9. Recoñecer a importancia das Irmandades da Fala.
10. Comentar as obras dos autores da Xeración Nós.
11. Recoñecer as formas da conxugación irregular
12. Recoñecer as oracións subordinadas.
13. Aplicar correctamente as normas ortográficas da acentuación.
14. Recoñecer distintos textos expositivos: instancia, solicitude, currículo.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. As convulsións de principios de século.

A Primeira guerra Mundial (1914-1918)

A Revolución Rusa.

A loita pola emancipación das mulleres.

España: o reinado de Afonso XIII.

2. As vangardas artísticas.

3. A poesía de principios do século XX.

A poesía modernista.

A poesía do 98.

A poesía do 27.

As Irmandades da Fala. A xeración Nós.

Lingua: a conjugación irregular.

Ortografía: repaso da acentuación.

Textos expositivos: instancia, solicitude, currículo.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Lectura e aclaración do vocabulario contido na unidade.
2. Análise comparativa e comentario de mapas históricos.
3. Continuación do esquema cronolóxico da historia de España.
4. Comentario de obras pertencentes a diferentes vangardas artísticas.
5. Lectura e comentario de poemas de Machado e análise das súas características.
6. Lectura de poemas de García Lorca e a súa relación coa Xeración do 27.
7. Lectura e traballo en fragmentos das obras dos autores da Xeración Nós.
8. Identificación de distintas formas da conjugación irregular.
9. Identificación de oracións subordinadas
10. Aplicación das regras ortográficas da acentuación.
11. Identificación de diferentes textos expositivos: instancia, solicitude, currículo.

ACTITUDES

1. Valoración do coñecemento de acontecementos históricos para comprender a realidade actual.
2. Toma de conciencia dos horrores das guerras.
3. Reforzo da conciencia da igualdade entre homes e mulleres.
4. Interese por comprender as obras de arte.
5. Respecto ás formas de expresión artística non figurativas.
6. Aprecio polo valor expresivo da poesía.

7. Interese pola lectura de obras da literatura contemporánea.
8. Toma de conciencia ante posturas de intolerancia política.
9. Interese polo uso correcto da linguaxe oral e escrita.
10. Valoración da importancia da acentuación correcta.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación para a paz e os valores democráticos, educación na igualdade de sexos, educación para o diálogo e a comunicación.

Unidade 6: O período de entreguerras

OBXECTIVOS

1. Comprender as tres ideoloxías do período de entreguerras: comunismo, fascismo e democracia liberal.
2. Coñecer os trazos esenciais do sistema comunista na URSS.
3. Comprender como se produciu o nacemento do fascismo en Italia.
4. Diferenciar a prosperidade económica dos anos 20 en EE.UU e a Gran Depresión dos anos 30.
5. Relacionar as repercusións da crise do 29 co ascenso ó poder do nazismo en Alemaña.
6. Coñecer as causas, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Civil en España.
7. Ter unha idea xeral da evolución do teatro español a principios do século XX.
8. Comprender a técnica do esperpento no teatro de Valle-Inclán.
9. Valorar a achega innovadora do teatro de García Lorca.
10. Recoñecer o movemento das vangardas en Galicia.
11. Identificar adverbios, preposicións e conxuncións.
12. Escribir textos expositivos: contrato, textos lexislativos e científicos.
13. Repasar as regras ortográficas das letras *r/rr, m/n, x*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Enumerar e comentar as características do sistema comunista na URSS.
2. Explicar as condicións nas que xurdiu o fascismo.
3. Describir as características do fascismo italiano.
4. Explicar as causas da crise do 29 e os intentos de solución.
5. Definir os termos máis usuais utilizados en economía.
6. Explicar as causas do ascenso do nazismo en Alemaña.
7. Sinalar e valorar as características da ditadura nazi.
8. Identificar os principais personaxes da II República, a súa tendencia política e os seus problemas.
9. Comparar a constitución republicana de 1931 coas anteriores do século XIX.

10. Explicar as causas, etapas e desenlace da Guerra Civil.
11. Definir a técnica do esperpento e identificala en fragmentos de Valle-Inclán.
12. Recoñecer en fragmentos de Lorca os trazos característicos do seu teatro.
13. Comparar a técnica e os recursos teatrais de Valle-Inclán e de García Lorca.
14. Coñecer as características das vangardas en Galicia.
15. Recoñecer os adverbios, as preposicións e as conxuncións.
16. Coñecer textos expositivos: contrato, textos lexislativos e científicos.
17. Aplicar correctamente as regras ortográficas das letras *r/rr, m/n, x*.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. A crise das democracias. Problemas políticos e económicos.

- O sistema comunista. A URSS.
- O fascismo italiano.
- A crise económica de 1929.
- O nazismo alemán.

2. España: a II República e a Guerra Civil.

- A II República (1931-1936).
- A Guerra Civil (1936-1939).

3. O teatro español anterior a 1936.

- Cara a unha nova estética teatral.
- Valle-Inclán e o esperpento.
- O teatro innovador de García Lorca.
- As vangardas en Galicia.

Lingua: adverbios, preposicións e conxuncións.

Ortografía: as letras *r/rr, m/n, x*.

Textos expositivos: contrato, textos lexislativo e científicos.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Fixación de conceptos económicos básicos para explicar o sistema comunista e a crise do capitalismo.
2. Continuación do esquema cronolóxico da historia de España.
3. Debate no que se comparen as características da democracia e dos totalitarismos.
4. Lectura dramatizada e comentario de fragmentos do teatro de Valle-Inclán.
5. Lectura e comentario de fragmentos teatrais de Lorca.
6. Lectura e comentario de poemas de Manuel Antonio.
7. Identificación de diferentes adverbios, preposicións e conxuncións.
8. Identificación das características de textos: contrato, textos lexislativos e científicos.
9. Aplicación das regras ortográficas das letras *r/rr, m/n, x*.

ACTITUDES

1. Valoración das actitudes pacíficas e dialogantes para resolver conflitos.
2. Toma de conciencia da importancia da liberdade e do respecto aos dereitos humanos.
3. Interese por ampliar os seus coñecementos históricos con lecturas, preguntas...
4. Valoración da importancia social e política do teatro.
5. Interese por coñecer obras importantes do teatro español do século XX.
6. Valoración da poesía vangardista en Galicia.
7. Valoración da carta como medio de comunicación fronte ás novas tecnoloxías.
8. Interese polo uso do léxico apropiado e a corrección ortográfica na expresión escrita.
9. Aprecio pola letra clara e precisa.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación en valores democráticos, educación para a paz, educación para o diálogo e a comunicación.

Unidade 7: A carreira polo dominio do mundo

OBXECTIVOS

1. Analizar as causas da II Guerra Mundial.
2. Coñecer o desenvolvemento da II Guerra Mundial e as conferencias de paz.
3. Afondar na orixe e funcionamento da ONU.
4. Comparar a evolución económica dos principais países capitalistas e a dos países comunistas.
5. Comprender as causas da derruba da URSS.
6. Relacionar o fin da Guerra Fría coa “nova orde mundial” actual.
7. Diferenciar as etapas da ditadura franquista tendo en conta aspectos políticos e económicos.
8. Analizar as causas da fin da ditadura franquista.
9. Interpretar a narrativa de posguerra segundo as circunstancias políticas, sociais e económicas.
10. Coñecer as tendencias e autores máis representativos da novela da segunda metade do século XX.
11. Comentar o significado da narrativa de Camilo José Cela e de Luis Martín Santos e comparala coa narrativa posterior de Miguel Delibes.
12. Coñecer as principais tendencias teatrais e a súa evolución na posguerra.
13. Recoñecer as tendencias e principais autores da Xeración do 36 en Galicia.
14. Practicar as características formais e a estrutura da reclamación e o recurso.
15. Aprender a redactar a reclamación e o recurso.
16. Repasar as regras ortográficas das letras *c, z, q, k, d*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar as causas, o desenvolvemento e as conferencias de paz da II Guerra Mundial.
2. Definir “Telón de aceiro” e “Guerra Fría”.
3. Explicar o papel da ONU no mundo.
4. Relacionar a evolución económica dos países capitalistas e comunistas coa desaparición da URSS.
5. Describir as diferentes etapas da ditadura franquista e explicar as causas do seu remate.
6. Explicar as características da narrativa de posguerra dentro do contexto socio-político do momento.
7. Definir os trazos das distintas tendencias teatrais da segunda metade do s. XX.
8. Definir as características da poesía da Xeración do 36 dentro do seu contexto socio-político.
9. Redactar exemplos de reclamación e recurso.
10. Distinguir a estrutura da reclamación e a do recurso.
11. Aplicar correctamente as normas ortográficas das letras *c, z, q, k, d*.

CONTIDOS

CONCEPTOS

- 1. A II Guerra Mundial.**
Causas.
desenvolvemento e consecuencias.
- 2. O mundo despois da II Guerra Mundial.**
A Guerra Fría.
A descolonización.
A fin da Guerra Fría.
- 3. A España de Franco (1939-1975)**
- 4. A Literatura española de posguerra.**
A narrativa de posguerra: o realismo social e Camilo José Cela.
Novos tempos: Martín-Santos.
A narrativa da democracia: Miguel Delibes.
O teatro español posterior a 1936.
A Xeración do 36: Celso Emilio Ferreiro.

Lingua: a reclamación e o recurso.

Ortografía: as letras *c, z, q, k, d*.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Reflexión crítica sobre a nova política internacional rexida por unha soa potencia.
2. Elaboración dun esquema cronolóxico das etapas do franquismo.
3. Lectura de textos literarios da unidade para completar a visión histórica do franquismo.
4. Lectura de fragmentos da novela de Cela e de Martín-Santos e comentario.
5. Lectura de fragmentos da novela de Delibes e valoración da súa achega.
6. Lectura dramatizada de fragmentos de distintas obras teatrais.
7. Lectura e comentario de poemas de Celso Emilio Ferreiro.
8. Exemplificación de diferentes reclamacións e recursos.
9. Análise e comentario de distintos tipos de reclamacións e recursos.
10. Aplicación das regras ortográficas das letras *c, z, q, k, d*.

ACTITUDES

1. Rexeitamento de posturas belicistas.
 2. Toma de conciencia da responsabilidade dos países ricos na miseria dos pobres.
 3. Fomento das actitudes solidarias do Terceiro Mundo.
 4. Conciencia da necesidade de utilizar fontes diversas para conseguir a verdadeira obxectividade.
 5. Valoración da literatura como un modo de coñecer e entender cada momento histórico.
 6. Valoración da importancia da redacción e a ortografía correctas.
- TEMAS TRANSVERSAIS:** Educación en solidariedade, educación para a paz, educación para o diálogo e a comunicación.

Unidade 8: O mundo actual

OBXECTIVOS

1. Comprender as dificultades da transición á democracia en España.
2. Diferenciar o significado de ruptura e de reforma.
3. Describir o proceso de transición deseñado por Adolfo Suárez.
4. Coñecer o intento golpista do 23-F.
5. Comprender a estrutura da Constitución de 1978.
6. Manexar os artigos da Constitución e coñecer os máis importantes.
7. Describir o proceso de construción europea e coñecer os principais tratados fundacionais.
8. Coñecer a participación e o peso de España nas institucións da U.E.
9. Comprender a relación entre a evolución poética e os acontecementos históricos e sociais da segunda metade do século XX.
10. Coñecer as tendencias poéticas da literatura española de posguerra.

11. Coñecer a obra dos poetas máis representativos desa época.
12. Coñecer a renovación na narrativa galega de posguerra.
13. Coñecer as linguas de España.
14. Coñecer textos argumentativos: editorial, artigo de opinión e columna.
15. Coñecer as regras ortográficas das letras *y*, *ll*, *i*.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explicar o proceso de transición da ditadura de Franco e a democracia actual.
2. Definir os conceptos de ruptura e de reforma política.
3. Explicar cales foron os principais obstáculos para a consolidación da democracia en España.
4. Enumerar os principais dereitos dos españois recollidos na Constitución de 1978.
5. Definir o concepto de soberanía nacional
6. Relacionar o poder lexislativo co executivo e o xudicial segundo o establecido na Constitución.
7. Describir as funcións dos tres poderes en España.
8. Explicar o proceso de formación da U.E.
9. Comentar o peso de España nas institucións europeas.
10. Identificar e caracterizar as tendencias da poesía de posguerra.
11. Definir o estilo e os temas dos poetas anteriores e dos posteriores a 1960.
12. Identificar autores e obras principais da Nova Narrativa.
13. Identificar o plurilingüismo en España
14. Identificar textos argumentativos: editorial, artigo de opinión e columna.
15. Aplicar correctamente as regras ortográficas das letras *y*, *ll*, *i*.

CONTIDOS

CONCEPTOS

1. Os grandes cambios políticos e económicos.

A transición á democracia.

A Constitución de 1978.

España na Unión Europea.

2. A poesía española despois de 1936.

O rexurdir da poesía.

Xeración do 36?

Dous poetas do 27: Dámaso Alonso e Vicente Aleixandre.

O realismo social na poesía.

Novos rumbos poéticos nos 60.

Os novísimos dos 70.

Os poetas da democracia.

3. A Nova Narrativa en Galicia.

Lingua: as linguas de España

Textos argumentativos: editorial, artigo de opinión e columna

Ortografía: as letras *y, ll, i*.

O tratamento da información: Análise e comentario de noticias extraídas da prensa que recibimos unha vez á semana como participantes da iniciativa didáctica a Voz da Escola.

PROCEDEMENTOS

1. Terminación do esquema cronolóxico da historia de España.
2. Elaboración dun cadro comparativo con todas as constitucións españolas.
3. Debate sobre a importancia da participación de España na U.E.
4. Reflexión sobre o papel de España na “nova orde mundial”.
5. Elaboración dun arquivo de noticias de prensa sobre as futuras incorporacións á U.E., sobre o seu funcionamento e o proxecto de constitución europea.
6. Elaboración de esquemas co desenvolvemento e evolución da poesía da segunda metade do s.XX.
7. Lectura de poemas de todas as tendencias dese momento.
8. Lectura de fragmentos de obras pertencentes á Nova Narrativa.
9. Debate sobre o plurilingüísmo en España.
10. Elaboración de un editorial, artigos de opinión e columnas.
11. Aplicación das regras ortográficas das letras *y, ll, i*.

ACTITUDES

1. Valoración do esforzo por conseguir un sistema democrático.
2. Reforzo da actitude europeísta.
3. Aprecio polo valor testemuño da poesía da segunda metade do XX.
4. Aprecio polo esforzo por acadar unha renovación na literatura galega.
5. Valoración do xornal como medio favorecedor da liberdade de expresión.
6. Interese pola corrección ortográfica.

TEMAS TRANSVERSAIS: educación en valores democráticos, educación para o diálogo e a comunicación.

5.- TEMPORIZACIÓN

O temario consta de oito unidades didácticas, a primeira e malia segunda avaliacións comprenderán tres temas cada unha e a terceira dous temas.

1º AVALIACIÓN

Abrangue 98 horas de clase.

Unidade didáctica 1: *Á luz da Ilustración*. (20 horas)

Unidade didáctica 2: *A ansia de liberdades*. (20 horas)

Unidade didáctica 3: *Unha paisaxe de fábricas*. (20 horas)

Horas dedicadas a probas escritas (exames teóricos, probas de lectura,...): 9

As horas restantes son para traballar na aula cos xornais e cos ordenadores (tratamento da información), na biblioteca, ilustrando textos literarios traballados na aula, para resolver dúbidas antes dun exame (poden verse afectadas por actividades extraescolares) e para lectura en aula.

2ª AVALIACIÓN

Abrangue 92 horas de clase.

Unidade didáctica 4: *Novas fronteiras no mapa europeo*. (20 horas)

Unidade didáctica 5: *A encrucillada do século XX*. (20 horas)

Unidade didáctica 6: *Un camiño entre dúas guerras*. (20 horas)

Horas dedicadas a probas escritas: 9.

As horas restantes son para traballar na aula cos xornais e cos ordenadores (tratamento da información), na biblioteca, ilustrando textos literarios traballados na aula, para resolver dúbidas antes dun exame (poden verse afectadas por actividades extraescolares) e para lectura en aula.

3ª AVALIACIÓN

Abrangue 74 horas de clase.

Unidade didáctica 7: *A carreira polo dominio do mundo*. (25 horas)

Unidade didáctica 8: *O mundo actual*. (25 horas)

Horas dedicadas a probas escritas: 6

As horas restantes son para traballar na aula cos xornais e cos ordenadores (tratamento da información), na biblioteca, ilustrando textos literarios traballados na aula, para resolver dúbidas antes dun exame (poden verse afectadas por actividades extraescolares) e para lectura en aula.

6.- AVALIACIÓN

6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

Este punto foi tratado na exposición de unidades didácticas.

6.2.- SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Conceptos: probas escritas..... 60%

Procedementos: lectura obrigatoria e
traballos individuais..... 30%

Actitude: comportamento 10%

6.3.- SISTEMA DE AVALIACIÓN:

Para avaliar o Ámbito Lingüístico-Social teremos en conta a individualidade das tres materias que engloba: ciencias sociais e xeografía, lingua castelá e lingua galega.

Os contidos conceptuais constarán do seguinte número de probas:

CCSS e Xeografía: 1 (1ª av.), 1 (2ª av.) e 1 (3ª av.)

LC e LG : 1 (1ª av.), 1 (2ª av.), 1 (3ª av.)

O número de probas pode variar dependendo dos resultados acadados, se estes son moi baixos engadirase unha proba máis para así ter os contidos máis repartidos.

Os contidos procedementais constarán das seguintes probas:

CCSS: un traballo individual en cada avaliación.

LC: lectura obrigatoria (con proba de exame) en cada avaliación.

LG: lectura obrigatoria (con exame) en cada avaliación.

Dentro dos procedementais tamén está a avaliación do caderno de cada materia, onde o profesor pode observar solidamente o esforzo do alumno por superar a materia: exercicios feitos e corrixidos (=1'5 puntos), presentación limpa e ordenada (=0'5 p).

En canto á actitude, terase en conta o comportamento do alumno cara ó profesor e cara aos compañeiros. Isto terá un cómputo de 1 punto. Tamén se terá en conta o interese do alumno cara á materia (1 punto).

6.4.- SISTEMA DE CORRECCIÓN:

As probas conceptuais (exames) constarán dun número de preguntas que oscila entre 7 e 10 cuestións con puntuacións que van dende 1 punto ata 2 puntos.

A nota aritmética de cada avaliación resultará de sumar as cualificacións da materia específica de CC.SS. e das de lingua castelá e lingua galega, conxuntamente, dividindo o resultado entre 2.

A esta nota sumaráselle, no caso de que sexa superior a 4, a cualificación dos traballos realizados ao longo do trimestre (na porcentaxe do 30% anteriormente sinalado) e mais a estimación (10% restante da nota) do comportamento e a actitude do alumno respecto da materia e a dinámica académica do grupo.

Contidos procedementais: ao longo do curso o alumno terá que ler seis obras literarias (unha por avaliación e unha máis por cada período vacacional do curso), que deberán relacionarse equilibradamente coas diferentes materias do ámbito e mais coas dúas linguas oficiais en Galicia.

Deste xeito, para este curso, escolléronse dous libros cos que podemos traballar diferentes contidos de CC.SS. (un traducido ao galego e outro ao castelán):

- *O neno do pixama a raías* de John Boyne (Factoría K). Vacacións de Nadal.
- *La vuelta al mundo en 80 días* de Jules Verne, (Vicens Vives). 3ª avaliación.

En lingua galega lerán:

- *Poetízate*, antoloxía da poesía galega dende o Rexurdimento ata os nosos días, elaborada por Fran Alonso. (Con este libro traballaremos todas as semanas do curso, proponendo diferentes actividades de lingua, obradoiros literarios e de ilustración plástica respecto de cada poema lido).
- *O señor Ibrahim e as flores do Corán* de Eric-Emmanuel Schmitt (Factoría K). Vacacións de Semana Santa.

En lingua castelá lerán:

- *Nuevo diario del joven maniático* de Aidan Macfarlane e Ann McPherson (Algar). 1ª avaliación.
- *El sabueso de los Baskerville* de Arthur Conan Doyle (Vicens Vives), 2ª avaliación.

Estas lecturas cualificaranse mediante controis de lectura escritos ou, preferiblemente, coa realización de traballos individuais sobre cada obra

Estas probas non son eliminatorias, é dicir, se a súa cualificación resulta negativa non por iso se suspenderá a materia, se ben é obrigatoria a súa lectura.

Dentro dos contidos procedementais tamén está a avaliación do caderno cunha valoración do 20% da nota xeral: o 15% correspondente ó número de exercicios feitos e corrixidos e 5% á presentación limpa e ordenada.

OBSERVACIÓN: en xeral, en todo o ámbito, os **erros ortográficos e/ou de acentuación** serán penalizados con **-0'05** puntos, podendo chegar a baixar a nota conceptual ata un máximo de **1** punto. Nos procedementos xa se teñen en conta tal e como aparecen arriba indicados.

Contidos actitudinais: aquí valorarase o comportamento do alumno (respecto cara ó profesor, cara ós compañeiros e cara a materia en concreto) cunha puntuación do 10% da nota xeral, e tamén o interese do alumno pola materia (saídas voluntarias, actitude participativa, esforzo,... marcados no libro do profesor con positivos, regulares e negativos, tal e como quedou explicado no punto anterior).

6.5.- SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Tratándose dunha materia de contidos progresivos, unha avaliación suspensa quedará automaticamente aprobada se logra superar a seguinte avaliación. No caso de suspender as tres avaliacións, o alumno realizará un exame de recuperación por cada avaliación. Tamén conta coa proba extraordinaria de setembro.

7.- LIÑAS METODOLÓXICAS

En cada unidade didáctica foron expostos os principios metodolóxicos (procedementos) de ensino-aprendizaxe do ámbito lingüístico-social. En xeral, podémolos resumir nos seguintes puntos:

- O ensino deste ámbito debe fomentar o interese polas circunstancias que rodean a nosa cultura dende o século XVII en diante (recordemos que dende as orixes da humanidade ata o século XVI inclusive foron contados correspondentes ao curso pasado): factores principais da historia da península e de Galicia; incluíndo estes dentro do marco histórico europeo. Para isto realizaremos eixos cronolóxicos, fomentaremos o uso de Internet para procurar datos de investigación persoal, uso da biblioteca (consulta de fontes históricas...).
- Fomento do uso da biblioteca para consulta de atlas xeográficos, para elaborar traballos sobre a xeografía galega, sobre literatura, sobre a arte das épocas estudadas, etc.
- Para os puntos máis teóricos da materia (historia, literatura) será de uso recorrente o taboleiro da aula, para realizar esquemas que axuden a comprender mellor, e dunha maneira máis sintética, os contidos conceptuais.
- O ensino da lingua implica a exercitación da comunicación oral e escrita, para isto será necesario a realización de actividades moi vencelladas ó cognitivo: busca da idea central, xerarquización de ideas, organización lóxica do discurso...
- O ensino da lingua debe fomentar a creatividade, o cultivo da imaxinación. O alumno deberá inventar e escribir pequenas narracións, descrições, diálogos ou artigos xornalísticos que fomenten o hábito de escribir producións propias.
- O ensino da lingua debe fomentar o hábito de lectura (un dos mellores instrumentos da materia). Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara

á lectura, adestrándoo na técnica lectora e transmitíndolle o gusto polo acto de ler. Tanto as obras de lectura propostas como o ensino da literatura deben dirixir os seus esforzos a tal fin.

- O ensino da lingua debe dar as destrezas básicas para o coñecemento da materia como unha disciplina instrumental. Para acadar o dominio da mesma a metodoloxía esixe a realización de exercicios continuados; estes serán corrixidos no taboleiro ou ben de xeito oral. Abarcarán todo tipo de contidos.
- O ensino do ámbito debe adecuarse ó suxeito da aprendizaxe. A metodoloxía debe adecuarse ó desenvolvemento persoal e cognitivo do alumnado. Así, hanse ter en conta os coñecementos e as destrezas que é capaz de adquirir conforme á súa capacidade (non esquezamos que estamos ante un Programa de Diversificación Curricular) e á proximidade e interese temático dos contidos co que han de exercitar as destrezas comunicativas.

8.- ACTIVIDADES DE AULA

Realizaranse todas as actividades que veñan propostas en cada unidade didáctica do libro de texto e outras que poidan xurdir no desenvolvemento de cada tema.

En Lingua Galega utilizaranse dous cadernos: un de actividades de ortografía e outro de morfoloxía.

En Lingua Castelá empregárase un caderno de ortografía e gramática.

En CC.SS., na 1ª avaliación farase un repaso da xeografía de Galicia e de España traballada no 3º curso, mediante a elaboración dun traballo sobre as cidades e vilas máis importantes de Galicia (achegando material gráfico para a súa identificación) e de mapas sobre as provincias e as diferentes comunidades autónomas de España.

Na segunda avaliación traballarán o libro dun xeito material, creando diferentes formatos de libros artesanais, con todo tipo de materiais (madeira, cartón, metais, papel...) que conteñan textos propios e ilustracións para os mesmos. Con eles farase unha pequena exposición na biblioteca do centro.

Na terceira avaliación tentarase facer unha pequena montaxe teatral (se dispoñemos dun espazo maior que a aula) na que se traballe o textual, o escenográfico, os decorados, etc. para que o alumno teña unha visión integral do xénero teatral.

9.- MATERIAIS E RECURSOS

Para o traballo diario do profesor coa clase imos empregar fundamentalmente os seguintes materiais:

- Libro de texto:
Diversificación Curricular II
Ámbito Lingüístico-Social
Editorial EDITEX

- *Caderno de Ortografía II*, ed. Anaya
- *Caderno de Morfoloxía II*, ed. Anaya
- *Cuaderno de verano (4º ESO)*, ed. Almadraba
- *Lingua e literatura galega*, ed. Xerais.
- Obras literarias (procedentes da biblioteca, para ilustrar as explicacións de Literatura, tanto galega como castelá)
- Material audiovisual (sobre todo de contidos de Historia e Literatura)
- Dicionarios, enciclopedias, atlas.
- Xornais

10.- TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais que poden xurdir en cada tema están expostos no desenvolvemento das unidades didácticas. Estes non deben ser entendidos como temas “engadidos” ó currículo nin como materias illadas que supoñan a elaboración de novos contidos, senón que deben ser entendidos como vía para adoptar perspectivas múltiples que permitan dirixir e enfocar os coñecementos dun modo máis completo e eficaz.

11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tratándose dun curso de Diversificación Curricular, estamos ante estudantes que manifestan dificultades de aprendizaxe. Aínda así, dentro do grupo existen alumnos que progresan con maior rapidez ca outros con máis limitacións; nestes casos as axudas pedagóxicas constitúen unha medida adecuada para garantir a atención educativa en cada caso. Para a atención destes alumnos consideramos que temos que ser guiados polo Departamento de Orientación e entre ambos elaborar as actividades que consideremos que mellor se axeitan a cada caso.

RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para poder recuperar o ámbito lingüístico-social pendente do curso pasado, o profesor elaborará un caderno de exercicios da parte correspondente a Ciencias Sociais e Xeografía (cuestión tiradas da sección REPASA do libro Diversificación Curricular I, Ámbito Lingüístico-Social, da Editorial EDITEX) por non ser consideradas unidades didácticas de contidos progresivos; as partes correspondentes ás linguas (castelá e galega) son progresivas. Se o alumno entrega estas actividades e aproba satisfactoriamente a 1ª e malia 2ª avaliacións do presente curso, entón considerarase aprobada a materia do curso anterior. De non ser este o caso, no mes de abril procederase á recuperación por exames da parte do curso pasado.

De todos os xeitos, si temos casos de alumnos que están cursando unha diversificación tendo pendente, por exemplo, a materia de Lingua Galega de 2º ESO, para superar este atranco entregárolle periodicamente un caderniño de exercicios que, incluso pode elaborar na aula, e farémoslle algunha proba escrita (neste curso

decidiuse que os alumnos nesta circunstancia se examinaran co resto de alumnos de pendentes para obrígalos a un maior esforzo á hora de superar a materia. Aínda así, se o alumno aproba o Ámbito Lingüístico consideramos oportuno dar por aprobadas as materias pendentes relacionadas co ámbito en cuestión.

12.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA.

Cada dous anos deberase revisar a Programación do Ámbito Sociolingüístico coa finalidade de actualizar a súa funcionalidade e adaptación á realidade educativa do grupo e mais optimizar os recursos do centro e as diferentes iniciativas didácticas que vaian xurdindo neste período.

Os criterios para orientar esta revisión resumímolos en dous grandes trazos:

- A adecuación á realidade educativa do grupo co que se traballará a partir de 3º, así como a contextualización na realidade educativa do centro (recursos, dispoñibilidade de espazos para novas actividades, materiais existentes, actualización de obxectivos tendo en conta os obxectivos conseguidos no PDC anterior, etc.)
- A actualización de ferramentas para conseguir os obxectivos propostos, tendo sempre moi presente a realidade socio.laboral á que se terá que enfrontar o alumno unha vez rematados os seus estudos dentro do programa.

Respecto do procedemento para a avaliación e revisión do programa, sería imprescindible a coordinación entre o profesorado implicado nos ámbitos específicos do PDC, a xefatura de estudos e o departamento de Orientación para buscar a mellor proposta bianual na programación coa que acadar os obxectivos marcados, tendo sempre presentes os criterios expostos anteriormente.